

Suplemento
realizado
por **ADEGA**



Quinta feira,
11 de outubro
de 2018
Número 17

Caderno de
análise sobre
ecoloxismo
e o ambiente
en Galiza.
Coordinación:
**Manuel Soto
Castiñeira**

O 30 de setembro celebrouse a XI xornada de Limpeza Simultánea de ríos, unha campaña que ADEGA repite ano tras ano, e xa van once, e nas que participaron case seis mil persoas. Nestas actividades de voluntariado ambiental retiráronse nada menos que 106.409 kg de lixo dos nosos ríos, lixos de todo tipo, desde electrodomésticos, colectores, pneumáticos, sofás, ata todo tipo de plásticos, uralita, radiografías, botellas de vidro, baterías de autos, radiocasetes, triciclos, xoguetes... A cifra non é cousa menor, pero si insuficiente para limpar os ríos, pois o obxectivo das campañas non é só a limpeza, senón a prevención, a educación ambiental e a chamada de atención sobre a non sustentabilidade do actual modelo de produción e consumo. A limpeza simultánea busca dar resposta á pregunta: “Que tipo de limpeza precisan os nosos ríos?”, loitando contra esa idea de que a vexetación, as árbores caídas e a “maleza” sexan os inimigos dos ríos. >>>>> **2-5 e 8**



Limpar os ríos de todo tipo de lixo, non de biodiversidade

Colaboracións:
Paco Bañobre,
Ramsés Pérez,
Fins Eirexas.



Entrevista a Paco Bañobre, coordinador das campañas de Limpeza simultánea de ríos >>> 8
“Loitamos contra a crenza de que os ríos con moita vexetación e troncos caídos están sucios”

Mollándonos polos ríos, e van 10 anos

Van dez anos desde a primeira limpeza simultánea de ríos promovida por ADEGA. A última limpeza tivo lugar o 30 de setembro. Trátase dunha actividade cuxo un obxectivo non pasa por acadar milleiros de toneladas de lixo recollido, nin de persoas voluntarias, senón por amosar como se pode e debe facer unha limpeza de ríos.

Paco Bañobre e Ramsés Pérez

En 2008 tivo lugar unha Primeira Limpeza simultánea de ríos co obxectivo de mostrar como e cando se debe facer unha limpeza de ríos, e sobre todo, que tipo de limpeza precisan os nosos ríos. Catro anos antes nacera o Proxecto Ríos, coordinado por ADEGA, coa finalidade de divulgar os valores dos ecosistemas fluviais galegos, así como contribuír desde a chamada “ciencia cidadá” ao seu estudo e conservación. Mediante diferentes ferramentas de participación social (educación e voluntariado ambiental, custodia do territorio, etc) preténdese contribuír a incrementar a concienciación cidadá así como desenvolver iniciativas de conservación dos cursos fluviais da Galiza. Desde 2008, o Proxecto Ríos ven sendo acompañado dunha Limpeza simultánea, que se celebra a finais de setembro de cada ano.

O Proxecto Ríos

No ano 2004 nace o Proxecto Ríos como resultado colateral da Iniciativa Legislativa Popular para Defensa do Ríos, unha iniciativa que recolleu 40.000 sinaturas e foi aprobada por unanimidade no parlamento. A ILP pretendía impedir a construción de novas minicentrales na Galiza dos mil ríos, xa daquela convertida na Galiza saturada de encoros. A ILP precisamente contemplaba a creación dun programa de educación ambiental que promove-

ra unha nova conciencia sobre os ecosistemas fluviais que daquela servían para pouco máis que verter as augas residuais e construír encoros. Promover en definitiva unha Nova Cultura da Auga.

As “limpezas” que queremos e as que non queremos

Unha das actuacións que non se contemplaban nos primeiros tempos era realizar limpeza de ríos coa intención de escapar daquelas actividades máis típicas e tóxicas que se poden esperar do movemento ecoloxista. Porén, a realidade é teimuda e dalgúns dos grupos que participaban no Proxecto Ríos, así como doutros que nos remitían información, come-

O PROTOCOLO DE ADEGA INCIDE NA ÉPOCA IDÓNEA. É IMPORTE TER EN CONTA CANDO SE VAI REALIZAR A LIMPEZA. O RÍO É UN ECOSISTEMA COMPLEXO

zouse a recibir numerosas novas de “Limpezas de ríos” que se estaban a desenvolver. Limpezas de ríos que a golpe de motoserra acababan con canta árbore seca había na ribeira do río. Ou limpeza de ríos que, logo do paso de varias desbrozadoras, deixaban o ecosistema fluvial como un xardín inglés. “Limpezas de río” en época de cría de fauna silvestre. Tampouco eran poucas as mensaxes de numerosos concellos que propoñían estas “limpezas” nos ríos sucios do seu municipio. A sucidade non eran os plásticos ou os electrodomésticos no río, era novamente limpar, retirar a biodiversidade vizosa que medraba nos ríos.



Pasos e elementos a ter en conta

Antes da limpeza

- A limpeza dun río pode ser un relaxado paseo no que ir retirando o lixo das beiras, ou ben pode requirir unha actuación na que sexa preciso artellar un dispositivo con accesos para a recollida de entullos, voluminosos, etc.
- Preparede ben a acción: tede en conta o río, o tipo e a cantidade de lixo, así como o número de persoas e os accesos, entre outras cuestións.
- Visitade previamente o lugar escollido.

- Prevede un sistema de almacenaxe e transporte para o lixo recollido, como uns contedores e unha furgoneta. Concordade co concello os diferentes puntos de recollida previstos.

Durante a limpeza

- Levade calzado e roupa resistentes.
- Empregade luvas e calzado (botas, zapatos de deporte...) para evitar feridas: entre o lixo pode haber botellas de vidro rotas, ferralla, etc.


Paco Bañobre, licenciado en bioloxía e educador ambiental de ADEGA, é coordinador das Limpezas Simultáneas de ríos.

Ramsés Pérez, licenciado en Ciencias da Educación, é coordinador de Programas e Proxectos de Educación Ambiental de ADEGA.



Voluntarias da Asociación Quercus Sonora no río Fadal en Antas de Ulla.

AS LIMPEZAS SIMULTÁNEAS EN CIFRAS



Neste contexto, foi cando se decidiu mudar de idea e propor unha limpeza simultánea de ríos que re-encamiñase esa idea do que é un río (e todas esas ganas e enerxías de moitas persoas e colectivos) e tamén esa idea do que debe ser unha limpeza de

EXPRESIÓNS COMO “O RÍO ESTA SUCIO” OU “A MALEZA INVADIU O RÍO”, REFERIDAS A VEXETACIÓN QUE MEDRA NO RÍO, SON MOI DESAFORTUNADAS

río. En definitiva, unha vez máis afondar nunha nova cultura da auga.

O obxectivo das limpeza que queremos é achegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos mesmos, un dos problemas ambientais máis graves de Galiza. O máis importante deste día de limpeza simultáneas é o labor de concienciación social que entre todos e todas realizamos. Axudar a manter un bo estado de conservación nos nosos ecosistemas fluviais facéndolle ver á cidadanía que as pequenas accións valen moito. Non é un obxectivo da actividade acadar milleiros de toneladas de lixo recollido, nin de persoas voluntarias, a finalidade é amosar como se pode e debe facer unha limpeza de ríos.

A primeira Limpeza simultánea de ríos

Convocase entón no 2008 unha primeira Limpeza simultánea de ríos que pretende mostrar como, cando, etc., se debe facer unha limpeza de ríos. Edítase entón un Protocolo de Limpeza de Ríos que vai chegar a todos aqueles colectivos que vaian participar na limpeza simultánea anual organizada polo Proxecto Ríos ou aquelas limpeza que queira realizar calquera outra entidade (concellos, asociacións, pescadores, etc.)

>> **Continúa na páxina seguinte**

para organizar unha limpeza de ríos

- Recollede o lixo en bolsas grandes e resistentes, de tea ou de plástico.
- Dividide o treito en anacos para traballar por zonas, e se sodes un grupo numeroso facede grupos de 2 ou 3 persoas por treito.
- En caso de atopar aceites de coche e outros residuos líquidos, fai falla ir con moito coidado e non facer mesturas de produtos.
- Tentade separar os diferentes tipos de lixo para posteriormente depositalos nos contedores co-

rrespondentes e así favorecer a súa reciclaxe.

- Nunca poñades en risco a vosa saúde: é máis importante a vosa vida que a do material a retirar.
- Facede fotos da limpeza e de todo o lixo recollido e divulgade a vosa acción nos medios de comunicación.
- Limpade o material empregado (botas, roupa, sachos...), especialmente se o ides empregar de novo noutro río, xa que podedes estar dispersando sementes de flora

exótica invasora ou, no caso de anfibios, transmitindo enfermidades.

Logo da limpeza

- Unha vez rematada a actuación, podeades poñer un pequeno cartaz informando da actuación: aproveitate para incitar a xente a non ensuciar de novo.
- Tamén podeades preparar un informe coas fotos que fixestes e podeades presentalo nunha charla informativa aberta a todo o mundo.



>> Vén da páxina anterior

Incídese no Protocolo na época idónea. É importe ter en conta a época na que se vai realizar a limpeza. O río é un ecosistema complexo que acolle multitude de especies diferentes de fauna e flora, desde minúsculos invertebrados e peixes até grandes aves, como a garza, ou mamíferos, como a lontra. Deberase, xa que logo, tentar causar as menores molestias aos habitantes do río. A primavera e o comezo do verán é a época na que

cria a maior parte da fauna, polo que é recomendábel facer a limpeza entre agosto e outubro, cando por outra banda os ríos levan menos auga e facilitan o traballo de limpeza realizado polo voluntariado, evitando así problemas.

Unha das consecuencias que pode ter unha limpeza de ríos non debidamente organizada é converter o lixo disperso polo ríos nun vertedoiro. Téñense dado casos de limpeza que retiran lixo de ríos que se acumula na beira deste ao rematar de traballar.

Ese lixo, se se dá o caso de non recollelo, acaba facendo de “efecto chamada” e acábanse levando alí máis residuos. Por este motivo e outros propóñense no Protocolo de limpeza de ríos unha serie de pasos e elementos a ter en conta.

Maleza nos ríos?

Limpar un río é retirar residuos ou obxecto alleos a el. Expresións como “o río esta sucio” ou “a maleza invadiu o río” referidas a vexetación que medra no río son moi desafortunadas

e mostran a actual desalfabetización ambiental. Os ríos galegos son ecosistemas sumamente diversos e vivos e a vexetación que medra neles ten a súa función e importancia. Limpar un río significa retirar obxectos inertes alleos a este.

As plantas das beiras e do interior ou as follas do leito do río e mesmo as ramas e madeira morta son a base enerxética dos nosos ríos. Conservar esta cobertura vexetal é fundamental para a dinámica do río e para manter aos animais que forman a base da ca-



Todas as imaxes desta dupla páxina pertencen á última limpeza simultánea, que tivo lugar o pasado 30 de setembro.

Arriba, á esquerda, participantes da oficina de medio ambiente da UDC. Abaixo, asociación CDR Portas Abertas de Verín colaborando nunha das limpeza.



dea trófica nos ríos, e mesmo para dar sombra e evitar que se quente a auga excesivamente.

Unha árbore seca na beira dun río non é un residuo: pode ser o pousadeiro habitual dun picapeixes, refuxio de morcegos... Se fai de presa e causa problemas nos terreos próximos (inundacións, destellos, etc.), debemos asesorarnos e solicitar permiso para a súa retirada. Porén, se non está a causar ningún estrago nas fincas próximas débese pensar que é un elemento máis do ecosistema fluvial.

Facer unha limpeza non implica deixar a ribeira como un xardín inglés ou un campo de golf. Entre a vexetación das beiras aniñan moitas aves e viven multitude de especies, entre elas o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*). Como o seu propio nome indica, este fermoso réptil ten o seu "fogar" entre as silveiras, iso que nós chamamos maleza. Antes de cortar un silveiral, pensa no lagarto das silvas e nas outras especies: facer un pequeno carreiro pode ser suficiente.



Arriba, asociación A Groba de Gondomar; abaixo, troiteiros do río Furelos.



Dez anos (+1) de limpeza de ríos

nestes once anos de limpeza de río teñen participado numerosas asociación e concellos. Co apoio, promoción e permisos das entidades de bacía: Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil. En total, e segundo os rexistros realizados ano tras ano, participaron 5.946 persoas e retiráronse máis de 106 toneladas de lixo dos nosos ríos. Todos os anos participan, en moitos casos, as mesmas entidades nos mesmos concellos, polo que podemos falar de que a actividade de limpeza está consolidada como una acción anual que desenvolven diferentes asociacións e concellos.

En total e contabilizando os diferentes anos, realizouse, polo menos unha vez, a limpeza de ríos en 77 concellos, que é a cuarta parte de todos os concellos de Galiza; e participaron un total de 105 entidades en máis de 100 ríos.

Porén, máis que moitos números quizais sexa importante des-

tañar que se ben os ríos non están libres de problemas (outros novos os ameazan) nin deixan de ser os receptores de lixo, na actualidade en cursos fluviais nos que durante estes anos se realizou a limpeza de ríos, constátase que non se están a emporcar de novo. Moito do lixo retirado é lixo que ben de vello, en moitos casos un auténtico reflexo da arqueoloxía doutros tempos. Motivo que podería indicar que tarefas como estas e outras semellantes van no bo camiño e están a incrementar a conciencia ambiental da cidadanía.

A última Limpeza simultánea: 2018

A sociedade galega volveu en 2018 a mollarse polos ríos. O domingo 30 de setembro, centos de persoas saíron aos ríos galegos a retirar os residuos que foron atopando, unha actividade de concienciación para a cidadanía sobre a necesidade de manter limpos os nosos cursos fluviais.

Arriba, a asociación ValoraNatura de Porriño; abaixo, a asociación Afonso Eanes de Negreira - A Baña.

1



2



— O proxecto RE sitúa Allariz á cabeza da xestión ecolóxica do lixo

O concello de Allariz presentou a finais de setembro o resultado do proxecto RE: Recuperar, Rexenerar, Reiniciar, que conta coa participación de ADEGA e no que xa podemos falar dun 40% de reciclaxe. Os resultados mostran que Allariz sitúase á cabeza da xestión ecolóxica do lixo na Galiza. O programa de compostaxe doméstica e comunitaria foi a chave dunha mellora continuada ao longo dos últimos tres anos. Ademais da recuperación dunha fracción importante do lixo, a orgánica, a compostaxe favoreceu a mellora da separación en orixe e a recuperación de vidro, papel e envases. Nas xornadas realizadas, Eduardo Cordero explicou como funciona o proxecto de agrocompostaxe no concello vasco de Larrabetzu.

— Seguimento do leirón cincinto e de morcegos no Macizo central

A comezos de outubro, 2 e 3, tivo lugar no P.N. do Invernadoiro a última quenda do Proxecto para o estudo e seguimento dos leirón cincinto e de morcegos no Macizo central Ourensán, coordinado por ADEGA e Sorex desde 2014 e que conta este ano cunha axuda da DX de Participación, Voluntariado e Xuventude.

Actualidade ambiental en imaxes

3



— Limpeza Simultánea de Praias

O 20 de Outubro de 2018 (19 para centros de ensino), coordinada pola Asociación para a defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), terá lugar a Limpeza Simultánea de Praias. O seu obxectivo é o de eliminar parte dos residuos que están nas nosas praias e facer unha chamada de atención sobre esta cuestión.

As principais causas desta problemática ambiental son: a non sustentabilidade dos modelos de consumo e produción da nosa sociedade, as malas estratexias na xestión dos nosos residuos e a falta de sensibilización da poboación. Todo iso fai que cada ano 10 millóns de toneladas de lixo rematen nos océanos. Moito deste lixo provén da industria do mar (pesca, extraccións...), pero unha grande parte chega a través dos ríos, debido a unha mala xestión en terra.

— Curso de educación ambiental e compostaxe en Pontevedra

Realizado na presente semana, neste curso sobre a compostaxe do programa Pisando Forte do concello trátanse nocións teóricas, o marco normativo dos residuos, aspectos biolóxicos e bioquímicos do proceso e como desenvolver un programa educativo, e vense diferentes experiencias de ADEGA. Tamén hai unha parte práctica onde coñecer os composteiros comunitarios do plan Revitaliza e comprobar o seu funcionamento. Complétase coa visita á planta de compostaxe da empresa Ecocelta que elabora abonos ecolóxicos a partir de restos orgánicos. É de 20 horas e puntúa para acceder ás bolsas de mestre composteiro do plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra.

4




5



— Compostaxe escolar en Compostela

O concello de Santiago de Compostela retoma o proxecto de compostaxe escolar. A primeira actividade foi no CEIP de Vite, onde baleiramos e cribamos mais de 100 kg de compost dos composteiros instalados no curso pasado

ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web (www.adega.gal) e participa nos grupos activos ou faite socia/o.



— O TS declarou ilegal a fragmentación de parques eólicos como os de Ordes ou Coristanco

A estratexia de dividir un único parque eólico en varios pequenos para acadar facilidades de tramitación e furtar unha análise ambiental axeitada, tal e como está a acontecer en Coristanco e Ordes, é ilegal segundo o Supremo. Algunhas empresas eólicas con megavatios adjudicados no último concurso están a solicitar á Xunta a declaración “de especial interese” que introduciu a “Lei de depredación” para os seus parques eólicos, todos de menos de 50 MW. É o caso dos recentes parques promovidos por Green Capital Power (parques “Monte Inxerio” e “Gasalla”) en Ordes, Cerceda, Mesía e Frades; e Greenalia Power (parques “Campelo”, “Bustelo” e “Monte Toural”), en Coristanco, Carballo e Santa Comba.

— Un castro que funciona como aparcadoiro en Barreiros

ADEGA e Mariña Patrimonio vimos de denunciar no SEPRONA a utilización do Castro da Punta de San Pedro de Benquerencia, no concello de Barreiros, como aparcadoiro de autocaravanas... As Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Barreiros outórganlle ao Castro de San Pedro unha protección que non é compatible co uso que se lle está a dar actualmente como aparcadoiro de autocaravanas nin como lugar de tránsito destes vehículos. Esta práctica podería estar provocando danos no xacemento.



— ADEGA pide recursos para protexer o lobo e favorecer a súa coexistencia coa gandaría

Presentamos un informe que demostra que as partidas que destina a Xunta á prevención e indemnización de danos son manifestamente insuficientes e que os controis son inútiles para solucionar o conflito da coexistencia. O informe, elaborado polo biólogo e vogal de Biodiversidade de ADEGA, Martiño Nercellas aborda cuestións como as graves consecuencias dos controis letais da poboación do lobo, que teñen demostrado a súa inutilidade na resolución do conflito; a necesidade dunha xestión baseada prioritariamente en medidas de manexo preventivo do gando que sexan promovidas e facilitadas pola propia Administración; a insuficiente cobertura de pagos por danos, a excesiva burocracia e a cuestión da des-información, a alarma social e a necesidade de divulgar e sensibilizar sobre a especie de forma xusta e rigorosa.

— Máis de 70 colectivos exixiron a retirada do novo Plano Forestal

Por eucaliptizador, pirófilo, lesivo para a biodiversidade, privatizador... Máis de 70 colectivos ecoloxistas, comunidades de montes, sindicatos, organizacións sectoriais e empresariais alegaron conxuntamente ao texto da primeira revisión do novo Plano Forestal do PP-ENCE. Os colectivos asinantes, entre eles ADEGA, solicitaron a anulación da presente proposta de revisión do Plan Forestal de Galicia, e a elaboración dun novo documento de base sobre planificación do monte a partir de información actualizada sobre a situación do monte galego e seguindo como principios reitores a diversidade de hábitats e especies, a multifuncionalidade de usos, o fomento do arborado autóctono, o mantemento dos servizos ecosistémicos que prestan os montes galegos e a sustentabilidade económica e social.



— Tres fraudulentos parques eólicos ameazan flora endémica en perigo de extinción

Son 3 proxectos de parques eólicos (Campelo, Bustelo e Monte Toural) de 42, 46,2 e 21 MW respectivamente, situados nunha mesma área xeográfica arredor do Monte Castelo e a lagoa de Alcaíán. As instalacións destes eólicos (muíños, pistas, gabias, liñas de evacuación eléctrica, estacións de transformación, etc.) ameazan a conservación de especies tan sensibles como a *Centaurea ultriciae* Silva Pando. Esta planta é un endemismo galego cuxa poboación mundial total está composta por 6.821 individuos distribuídos en dúas cuadrículas de 10x10 km arredor do Monte Castelo e a lagoas de Alcaíán.



— Radio Cerna, que escoitar e onde

“Bosques con Vida: rexeneración ambiental dos montes de Rebordelo”, de ADEGA e a Comunidade Veciñal de Montes en Man Común de Rebordelo (Cerdedo-Cotobade), e “Agrocompostaxe: vantaxes para o sector agrícola e para os municipios”, da man do concello de Allariz, son dous dos espazos recentemente emitidos por Radio Cerna.

Podes escoitar os espazos de Radio CERNA todos os días da semana a través da páxina web de ADEGA e das redes sociais (facebook, twitter); e os luns, mércores e venres de cada semana en máis de 20 emisoras locais e municipais de Galiza a través das súas frecuencias moduladas. Na web de ADEGA (mapa) podes consultar as frecuencias e horarios das emisoras locais nas que escoitar Radio CERNA.

«O día da limpeza toca mollarme no río, xunto aos voluntarios e voluntarias de Compostela»

Paco Bañobre é biólogo e educador ambiental da Asociación ecoloxista ADEGA. Leva anos coordinando as campañas de Limpeza simultánea de ríos, algo que vén de facer nas pasadas semanas, e que culminou coa limpeza do domingo 30 de setembro.

Manuel Soto

Fálanos do teu traballo en ADEGA?

Son o coordinador de grupos do Proxecto Ríos e traballo en cuestións relacionadas coa educación ambiental e o voluntariado ambiental nos diferentes programas e proxectos que leva adiante ADEGA. Na limpeza son o coordinador xeral da actividade. Tamén saio ao río como voluntario o día da actividade co grupo da delegación de ADEGA en Santiago de Compostela.

“A COORDINACIÓN DUNHA LIMPEZA SIMULTÁNEA É UN TRABALLO MOI INTENSO PERO MOI GRATIFICANTE TAMÉN POLA RESPONDA RECIBIDA DA XENTE”

En que consiste o traballo de coordinación desta actividade?

Pois o primeiro é o contacto cos grupos participantes, traballo que está bastante rodado logo de dez anos de actividade. Moitas das entidades participantes teñen xa integrada a limpeza de ríos nas súas actividades anuais, polo que se anotan inmediatamente. Logo tamén me encargo do deseño da campaña, xunto con outras compañeiras e compañeiros, e manteño o contacto coa deseñadora do cartaz, as imaxes para as redes sociais e a camisola que editamos para agasallar ao voluntariado participante. Tamén contacto cos concellos e confederacións hidrográficas: Au-

gas de Galicia e a CH do Miño-Sil para informar da actividade e pedir permisos, seguro de accidentes, envío de cartaces, protocolos... Antes da limpeza, procuro incidir en que a Limpeza sexa ecolóxica e acorde co Protocolo.

E o día da limpeza?

Ese día, mollarme no río xunto ao voluntariado de Compostela. Ao remate, a equipa do Proxecto Ríos recompilamos os datos de todos os lugares de traballo, e tócame facer a memoria: número de participantes, ríos nos que se traballou, cantidade de residuos... Durante todo o proceso, atendo os medios de comunicación, e vou inserindo novas nas webs propias. En fin, un traballo moi intenso pero moi gratificante tamén pola resposta recibida da xente.

Que tes atopado nos ríos galegos?

De todo, a verdade. Ao mellor non directamente eu, mais entre todos os grupos participantes aparecen cousas realmente curiosas da que nos informan os participantes. Desde electrodomésticos, contedores, pneumáticos, sofás, ata todo tipo de plásticos, uralita, radiografías, botellas de vidro, baterías de autos, radiocasetes, triciclos...

O máis rechamante? Mesmo facedes arqueoloxía fluvial?

Eu creo que as radiografías atopadas no río Lagares un ano pola delegación de ADEGA en Vigo, foi das cousas máis curiosas; ou todo o taboleiro de instrumentos dun coche, enteiriño... Nas ribeiras dalgúns ríos aparecen auténticos ver-



tedoiros que levan aí décadas...

Que percepcións ou ideas erradas temos dos ríos?

Que os ríos con moita vexetación e troncos tirados no leito están sucios. É unha crenza popular enormemente estendida, mais errada.

O importante nunha limpeza ecolóxica?

Escoller ben a data para facer a limpeza e asegurarse de que o lixo recollido vai ser retirado. Todo o importante está no noso protocolo de actuación.

Que debe facer un grupo de amigas ou amigos se deciden limpar un tramo de río?

Poden participar cun grupo xa organizado nunha zona en concreto, polo que deberán contactar coa persoa coordinadora da zona (na web da limpeza aparecen os contactos destas persoas en cada zona). Ou ben, poden organizar e coordinar unha limpeza nun río, polo que deberán contactar coa coordinación do Proxecto Ríos para sumarse á Limpeza simultánea de ríos, indicando o río escollido.

Manuel Soto é coordinador do Sermos –ADEGA.

Paco Bañobre, na imaxe, é biólogo e educador ambiental da Asociación ecoloxista ADEGA.